



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Economía: Economía española e mundial

Materia	Economía: Economía española e mundial			
Código	V03G020V01201			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición				
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Iglesias Malvido, Carlos Suris Regueiro, Juan Carlos			
Profesorado	González Gómez, Manuel Iglesias Malvido, Carlos Padín Fabeiro, María Carmen Suris Regueiro, Juan Carlos			
Correo-e	calu@uvigo.es jsuris@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	<p>Economía Española e Mundial é unha materia básica que consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do estudante, das cales 50 son actividades presenciais, mentres que o resto serán actividades de traballo persoal.</p> <p>Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento da Economía Aplicada, comenzando pola análise da Economía Mundial e Española. Trátase de que comprenda o funcionamento e estrutura da Economía Mundial e Española, facendo fincapé, por unha banda, nas diferencias entre Países Desenvolvidos e Países en vías de Desenvolvemento, e por outra banda, na estrutura económica de España.</p> <p>Organízase en Actividades Básicas (AB) e Actividades Complementarias (AC), de carácter Teórico (T) e Práctico (P), que levan asociadas tanto traballo presencial como persoal.</p>			

## Competencias de titulación

Código	
A3	Posuír e comprender coñecementos sobre as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais a respecto de como funciona a economía
A7	Posuír e comprender coñecementos sobre as principais técnicas instrumentais aplicadas ao ámbito empresarial
A15	Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A16	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B3	Habilidades relacionadas co uso de aplicacións informáticas utilizadas na xestión empresarial
B4	Poder transmitir ideas, información, problemas e situacións ao público tanto especializado como non especializado
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B6	Habilidades de comunicación a través de Internet e, dominio de ferramentas multimedia para a comunicación a distancia
B8	Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación
B9	Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo
B10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B14	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado

B15 Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial

B19 Motivación pola calidade e mellora continua

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
<input type="checkbox"/> Adquirir coñecementos básicos para entender o funcionamento da economía mundial e española.	A3	
<input type="checkbox"/> Manexar a información proporcionada polas fontes estatísticas da economía mundial e de España.	A16	B3
<input type="checkbox"/> Sintetizar a información estatística en indicadores económicos relevantes.	A15	B1 B3
<input type="checkbox"/> Consultar directamente as referencias bibliográficas.	A16	B13
<input type="checkbox"/> Elaborar e expoñer os resultados, empregando nun nivel básico os programas informáticos de cálculo, e realizar gráficos e presentacións.	A7	B1 B3 B5 B6 B9
<input type="checkbox"/> Redactar e sintetizar os resultados anteriores.		B1 B4 B5 B14
<input type="checkbox"/> Someter a contraste e discusión as ideas expostas nas leccións maxistras.		B4 B5 B8
<input type="checkbox"/> Revisar con certa periodicidade a evolución dos resultados acadados.		B2 B13
<input type="checkbox"/> Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial.		B15
<input type="checkbox"/> Amosar motivación pola calidade e pola mellora continua.		B19
- Habilidades de comunicación escrita e emisión de informes sobre situacións concretas		B5 B10

### Contidos

Tema	
Parte I: Introducción	Os obxectivos básicos e as preguntas relevantes. Organización e método de traballo. Sistema de avaliación da materia. Ferramentas de traballo e da Plataforma Tema.
Tema 0: Obxectivos e metodoloxía da materia.	
Tema 1: Conceptos básicos e fontes estatísticas e bibliográficas.	Obxectivos do Tema. A actividade económica e o crecemento económico. O Sistema Económico e o Capitalismo. Indicadores económicos. Crecemento e Desenvolvemento. Principais fontes estatísticas e bibliográficas.
Parte II. Economía mundial.	Obxectivos do Tema. A evidencia empírica do crecemento. Os cambios nas forzas produtivas. Os cambios nas relacións de produción. Os cambios institucionais (A Superestrutura). Os elementos estruturais dos Países Desenvolvidos.
Tema 2. Caracterización dos países desenvolvidos. Factores de crecemento.	
Tema 3. Os países en vías de desenvolvemento. O subdesenvolvemento económico.	Obxectivos do Tema. Características estruturais dos países en vías de desenvolvemento. As teorías do subdesenvolvemento económico. Estratexias e experiencias de crecemento económico.
Tema 4. Relacións económicas internacionais.	Obxectivos do Tema. A integración económica. Os organismos multilaterais de comercio. Os organismos financeiros e de cooperación internacionais.
Parte III. Economía española.	Obxectivos do Tema. Crecemento económico e evolución da Economía Española: Etapas, factores de crecemento e cambio estrutural. Os resultados da evolución económica española: características actuais.
Tema 5. O desenvolvemento económico español.	
Tema 6. A especialización produtiva e comercial.	Obxectivos do Tema. O cambio estrutural na especialización económica. Metodoloxía e criterios de valoración. Análise dos resultados recentes. Síntese das principais tendencias.
Tema 7. Eficiencia, sustentabilidade e equidade.	Obxectivos do Tema. Eficiencia e o fluxo circular da renda. Sustentabilidade financeira, inversora e ambiental. Equidade produtiva: distribución funcional da renda e mercado de traballo. Equidade social: gasto público e distribución persoal e territorial da renda.
Parte IV: A actualidade da economía española e mundial.	Temas de actualidade da economía mundial. Temas de actualidade da economía española.
Tema 8. Temas de debate e actualidade.	

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	10	40
Prácticas de laboratorio	15	5	20
Titoría en grupo	5	5	10
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	20	20
Outros	0	10	10
Probas de tipo test	10	0	10
Probas de resposta curta	2	18	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	18	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Sesión maxistral	<p>As sesións maxistras forman parte das Actividades Básicas da Materia. En cada unha das sesións, o profesorado desenvolverá os contidos do Programa. Tomárase como punto de partida as preguntas destacadas en cada un dos temas, así como os resultados e conclusións que se vaian acadando simultaneamente nas outras actividades docentes relacionadas co tema.</p> <p>Será labor do docente aportar as ideas centrais e e criterios de organización e interpretación da información necesarios para que o estudante conteste individualmente ás preguntas relevantes. Para asegurar o seguimento e comprensión e valorar a asistencia, ao finalizar á lección maxistral, o estudante deberá responder na propia aula a un Cuestionario de Autoavaliación, que poderá logo revisar e mellorar mediante o seu traballo persoal.</p>
Prácticas de laboratorio	<p>As prácticas de laboratorio forman parte das Actividades Básicas. As sesións prácticas terán lugar nas aulas de informática. En cada unha delas o alumnado realizará un exercicio en que deberá aprender a manexar información estatística para o estudo da economía mundial e de España. Con ditos exercicios o estudantado aprenderá a organizar a información e a sintetizar os datos en indicadores relevantes (PIB, poboación, PIB per cápita, coeficiente de apertura, taxa de actividade, taxa de desemprego, gasto público, produtividade etc.). Iso esixirá a realización de cálculos (taxas de variación, números índice, actualización de variables monetarias, taxas de participación) e a súa representación gráfica.</p> <p>En cada sesión práctica, o estudante deberá responder a un cuestionario de autoavaliación e resumir os principais resultados mediante unha breve redacción. Posteriormente, cada estudante deberá mellorar os resultados das prácticas presenciais mediante a realización de actividades de traballo persoal (cuestionarios e exercicios de redacción).</p>
Titoría en grupo	<p>Igualmente, constitúen parte das Actividades Básicas. As titorías faranse nas aulas informáticas. Estas actividades están orientadas a coordinar os contidos teóricos e prácticos e as actividades presenciais coas non presenciais. Básicamente, consistirá en que o alumnado deberá presentar ao titor os seus resultados dos exercicios propostos, así como consultarlle as súas dúbidas. Estas titorías en grupo poden ser complementadas con unha atención máis individualizada (titorías persoais ou comunicación por correo electrónico).</p>
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	<p>Durante o curso, proporáselle cada semana ao alumnado un conxunto de actividades para reforzar o proceso de aprendizaxe das sesións teóricas e prácticas. Unha parte terá a consideración de Actividades Básicas, que o estudante deberá realizar para poder superar a materia pola vía da Avaliación Continua. Outras, denominadas Actividades Complementarias, terán carácter voluntario e permitirán ao estudante mellorar a súa cualificación final.</p> <p>Ambos os dous tipos de actividades poden incluír a realización de exercicios numéricos, cuestionarios, lecturas e redaccións. Trátase sempre de actividades de traballo persoal (non presencial). Mediante as ferramentas da plataforma Tem@, cada actividade proposta irá sempre acompañada dun cuestionario de autoavaliación e unha redacción que sintetice os conclusións principais. Os resultados da actividade deberán quedar gravados na Plataforma Tem@.</p>
Outros	<p>A través da plataforma Tem@ proporáselle ao estudantado un conxunto de lecturas. Normalmente, escolleranse aquelas que sexa factible poñelas a disposición en formato electrónico a través desta plataforma. Cada unha delas estará relacionada con cada un dos temas do programa.</p> <p>De cara a verificar a comprensión das ideas máis relevantes, cada lectura irá acompañada dun cuestionario accesible a través da plataforma Tem@. Os resultados destes poderán ser examinados polos diferentes titores/as e servir de base para o seu debate nalgunhas sesións teóricas.</p>

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición

Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Estas consultas realizaranse a través da plataforma Tem@, por correo electrónico ou de forma personalizada. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderáse colectivamente a todo o alumnado na aula, na Plataforma Tema ou mediante o envío dun correo electrónico.
Outros	Estas consultas realizaranse a través da plataforma Tem@, por correo electrónico ou de forma personalizada. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderáse colectivamente a todo o alumnado na aula, na Plataforma Tema ou mediante o envío dun correo electrónico.
<b>Probas</b>	<b>Descrición</b>
Probas de resposta curta	Estas consultas realizaranse a través da plataforma Tem@, por correo electrónico ou de forma personalizada. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderáse colectivamente a todo o alumnado na aula, na Plataforma Tema ou mediante o envío dun correo electrónico.
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Estas consultas realizaranse a través da plataforma Tem@, por correo electrónico ou de forma personalizada. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderáse colectivamente a todo o alumnado na aula, na Plataforma Tema ou mediante o envío dun correo electrónico.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Actividades básicas presenciais: Avaliarase a asistencia e o nivel de atención e comprensión dos contidos das sesións presenciais mediante un cuestionario para cada tema.	15
Prácticas de laboratorio	Actividades básicas presenciais: Avaliarase a asistencia e o nivel de aproveitamento das sesións presenciais mediante un cuestionario e un exercicio de redacción para cada práctica.	15
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividades complementarias de traballo persoal (non presencial) onde se avaliarán os resultados a través de cuestionarios de autoavaliación e exercicios de redacción.	20
Outros	Actitude persoal, participación e nivel de seguimento do conxunto de actividades da materia (presenciais e non presenciais).	10
Probas de tipo test	Actividades básicas de traballo persoal (non presencial) que inclúe a realización de cuestionarios vinculados ás clases maxistras e ás sesións prácticas de laboratorio.	20
Probas de resposta curta	Actividades básicas de traballo persoal consistente en responder por escrito, de forma sintética, ás preguntas relevantes de cada tema do programa (desenvolto nas sesións maxistras).	10
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Actividades básicas de traballo persoal (non presencial) consistentes en relacionar os resultados do conxunto das actividades da materia, tanto dos contidos teóricos como prácticos.	10

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A avaliación da materia será continua.

Cando non proceda a avaliación continua, realizarase un exame final que poderá incluír preguntas de tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento, similares ao sistema de avaliación descrito anteriormente. A puntuación acadada no Exame Final representará como máximo un 60 por cento da Cualificación Final.

Os estudantes que non fagan a avaliación continua nin o exame final, figurarán nas actas como non presentados.

O exame correspondente á segunda convocatoria seguirá o mesmo modelo e criterios de cualificación que o exame final.

As datas previstas para os exames según calendario oficial da FCEE Vigo son:

Fin de carreira: o 07/10/2014 de tarde.

Convocatoria Ordinaria: o 18 de maio a partir das 10:00 h.

Convocatoria Extraordinaria: o 14 de xullo a partir das 9:00 h

### **Bibliografía. Fontes de información**

García Delgado, Jose Luís e Rafael Myro (directores), **Lecciones de Economía Española**, Ed. Thomson-Civitas, 2013,

Berzosa, Carlos; Pablo Bustelo, Jesús de la Iglesia, **Estructura Económica Mundial**, Síntesis, 2001,

### **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

Para o correcto seguimento da materia é preciso contar con acceso a internet e unha conta de correo electrónico (En todo caso, o alumnado sempre disporá de internet nas aulas de libre acceso da Facultade). Requerirase tamén o manexo de programas informáticos básicos (unha folla de cálculo e un procesador de textos). Así mesmo, será esencial a utilización da Plataforma Tem@, o programa informático da Universidade de Vigo que, ademais de permitir o intercambio de información entre profesores e estudantes, tamén alberga os cuestionarios e exercicios de redacción de cada cada un deles, de cara a facilitar o seguimento e evolución do alumno (e a súa propia autoavaliación).

Realización do curso virtual organizado pola Biblioteca "Coñece a Biblioteca e aprende a buscar, avaliar e utilizar a información", dirixido ao alumnado de 1º grao e que ten coma obxectivo que o estudante adquira os coñecementos básicos para buscar, analizar, seleccionar e organizar a información de xeito eficiente, así como utilizar e comunicar a información eficazmente de forma ética e legal.

---